

Cultivar a paz con perspectiva de xénero

Educadoras e Educadores pola Paz

Nova Escola Galega - NEG

30 de xaneiro de 2016

Quen integramos o grupo de traballo *Educadoras e Educadores pola Paz* de Nova Escola Galega dedicamos o Día Escolar da Paz e da *Nonviolencia* do ano 2016 á mellora das relacións de xénero a través do cultivo da igualdade, da equidade, da Cultura da Paz, e da *nonviolencia*.⁽¹⁾

Eliximos este tema porque perduran formas de violencia estruturais e culturais en todo o mundo que sustentan un arraigado patriarcado, o cal privilexia o xénero masculino en detrimento do feminino. Foi a escritora feminista Simone de Beauvoir quen tan lucidamente explicou na súa xa clásica obra mestra, *Le Deuxième Sexe* (1949), que estas pautas dominantes de subordinación e discriminación conducen –e conduciron historicamente– a que as mulleres:

- Entendan e observen como “normal” a instrumentalización obxectual dos seus corpos;
- sexan consideradas como cidadás de segunda clase, ou incluso non se lles considere persoas na súa totalidade;
- fosen privadas dos dereitos máis elementais: educación escolar, voto, visibilidade e liberdade na vida pública etc.;
- fosen sometidas ou se lles someta a aldraxes impensábeis; e
- asuman comportamentos de submisión e servizo ante o sistema patriarcal, entre outros procesos opresivos que se lles adxudican.

Levados á súa máxima expresión, estes procesos reprodutores da desigualdade, inxustiza e opresión das mulleres maniféstanse demasiadas veces en formas moito máis directas e agudas de violencia mediante as agresións físicas e psíquicas. E a realidade é que a lacra da violencia machista se perpetúa en distintos graos e contextos, cobrando vítimas moi desproporcionadamente entre as mulleres, pero tamén –aínda que en moita menor medida– entre os homes. As agresións machistas e homófobas dirixidas a varóns, por exemplo, poden

¹ Desde o campo da Educación para a Paz promóvese o concepto da *nonviolencia* nun só termo pola forza do seu significado. Véxase Jares, Xesús R. (2004). *Educar para la paz en tiempos difíciles*. Bilbao: Bakeaz.

ser intensas e bastante frecuentes.⁽²⁾ Pero son as mulleres (incluídas as transmulleres) as que sofren máis violencia na vida cotiá e en todas as súas manifestacións. No que vai de ano – aínda estamos en xaneiro– a cifra de feminicidios só no Estado español xa se sitúa en nove, segundo o cálculo do colectivo *Femicidio.net*.⁽³⁾

Non podemos permitir que esta realidade perversa continúe dominando o noso sentir colectivo, como algo que forma parte da normalidade das sociedades actuais. De feito, a ONU recoñece que son as mulleres quen representan a máis feliz esperanza de mellora en canto ao desenvolvemento humano, e que o investir nelas e nas nenas e mozas do mundo asegura avances no desterro da pobreza, na mellora da saúde e no benestar dos pobos en xeral.

Así mesmo, nós partimos da firme convicción de que desde a Educación para a Paz podemos contribuír a frear a trágica realidade da violencia patriarcal, por outra parte ligada a condicionamentos estruturais profundos que como cidadás e cidadáns debemos mudar. Afortunadamente, cada vez hai máis e máis variados proxectos educativos e de sensibilización dedicados á promoción da Cultura de Paz entre homes e mulleres. Os exemplos abundan, sendo un pequeno exemplo os Encontros anuais galego-portugueses, con dúas décadas de existencia, e a nosa páxina na rede social *Facebook*.⁽⁴⁾

A través dos Encontros anuais dámoslles difusión a iniciativas pedagóxicas innovadoras como a educación emocional e en valores para a primeira infancia e a nenez (aprendizaxes preventivas); a titoría entre iguais (TEI); os equipos estudiantís de mediadores en conflitos; a xustiza restaurativa (para resolver conflitos en comunidade e así evitar novos ingresos no sistema de menores ou penal); o “Teatro do Oprimido”⁽⁵⁾; a aprendizaxe e os xogos cooperativos así como todo tipo de canle –literatura, música, drama, danza, arte, cinema, documentais, radio, medios de comunicación ou deporte– para fomentar o valor cultural alternativo da *nonviolencia* como compoñente non só das “novas masculinidades” senón de todas as identidades e relacións entre as persoas.⁽⁶⁾

² Véxase Generelo Lanaspá, Jesús (Dir.) (2012). *Acoso escolar homofóbico y riesgo de suicidio en adolescente y jóvenes LGB (informe)*. Madrid. Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Transexuales y Bisexuales (FELGTB). Recuperado 28/03/2013 de <http://www.felgtb.org/rs/1584/d112d6ad-54ec-438b-9358-4483f9e98868/91c/filename>.

³ A 24 de xaneiro de 2016; véxase: <http://www.femicidio.net/>.

⁴ Véxase [Educadores pola Paz / Agappaz](#).

⁵ O *Grupo de Teatro da Oprimida "100tolas"* constitúe unha novidade neste ámbito. Véxase: <http://omundoquequeremos.org/educar-en-valores-a-traves-do-teatro>.

⁶ Véxanse, por exemplo: Carabí, Ángelsy e Segarra, Marta (Eds.) (2000). *Nuevas masculinidades*. Barcelona: Icaria. | Lynch, Kathleen; Baker, John; Lyons, Maureen; con Cantillon, Sara [et al.] (2014). *Igualdad afectiva: amor, cuidados e injusticia*. Madrid / A Coruña: Morata / Fundación Paideia Galiza. | Nussbaum, Martha C. (2008). *Paisajes del pensamiento: la*

Desde a nosa páxina na rede social damos unha difusión continuada a estes e outros recursos diversos. Pódense consultar aí publicacións e actividades que incorporan a perspectiva de xénero, tales como obras de ensaio, proxectos de investigación, eventos culturais, propostas pedagóxicas, proxectos solidarios de dinamización, animación e cooperación, locais e internacionais, literatura para todas as idades, e puntos de información e difusión en Internet. Destacamos, por exemplo, as páxinas web e gravacións dedicadas a mulleres a miúdo esquecidas que deixaron pegadas na historia e que están a deixalas na actualidade; ou o novo e marabilloso libriño *Todos deberíamos ser feministas* (Lit. Random House, 2015) da galardoada escritora de-colonial e feminista de Nixeria, Chimamanda Ngozi Adichie; o precioso libro de literatura infantil *A fuxida*, de dúas mulleres galegas: a escritora Berta Dávila e a artista ilustradora Inma Doval (Biblos, 2015); e tamén o novo libro colectivo compilado polo grupo Fiadeiras do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia titulado *Machismos: de micro nada* (CEESG / edicións Embora, 2015). Podemos, igualmente, mencionar os grupos e movementos de base cos cales mantemos conexións e que non deixan de loitar a prol da igualdade e da *nonviolencia* nas relacións de xénero.

Nós continuaremos loitando tamén desde o ámbito da Educación para a Paz, e animamos ao conxunto de profesionais da educación a unirse á esta fermosa causa pola dignidade humana.

inteligencia de las emociones. Barcelona: Paidós. | Sánchez Sáinz, Mercedes (Ed.). *Cómo educar en la diversidad afectiva, sexual y personal en Educación Infantil*. | Sastre Vilarrasa, Genoveva e Moreno Marimón, Montserrat (2004). *Resolución de conflictos y aprendizaje emocional: una perspectiva de género*. México D.F.: Gedisa.